



Concello de A Fonsagrada
Concellería de Cultura e Turismo

XIII CERTAME DE POSTAIS DO NADAL

O Concello de A Fonsagrada, a través da Biblioteca Pública Municipal, convoca o **XIII CERTAME DE POSTAIS DO NADAL** de acordo coas seguintes bases:

1. Poden participar todas as alumnas e todos os alumnos do CEIP Plurilingüe Santa María da Fonsagrada.
2. Cada autora ou autor poderá presentar cantas postais desexe.
3. A temática de cada traballo será: ***O Nadal e o Concello de A Fonsagrada.***
4. O debuxo de cada postal será orixinal e terá unha extensión máxima de media folia de tamaño DIN A4.
5. Cada traballo non poderá levar firma e irá acompañado dunha folia onde se indique o nome e apelidos da autora ou autor, a idade, o seu enderezo, o teléfono de contacto e o curso que está facendo.
6. O prazo de presentación das postais rematará o 1 de decembro de 2022, podendo entregar os traballos na Biblioteca Pública Municipal de A Fonsagrada (Casa da Cultura).
7. O xurado, designado polo Concello de A Fonsagrada, escollerá a postal gañadora.



Concello de A Fonsagrada
Concellería de Cultura e Turismo

8. A postal premiada será a seleccionada para felicitar as Festas de Nadal por parte do Concello de A Fonsagrada.
9. O premio á gañadora ou gañador entregarase ao longo do mes de decembro. A data concreta comunicarase ao centro educativo e á gañadora ou gañador con suficiente antelación.